



## **A presidenta do Parlamento e os reitores das tres universidades galegas comprométense a incrementar a colaboración entre as institucións**

- **Estudantes de Dereito das tres universidades galegas poderán realizar prácticas no Parlamento de Galicia, posibilidade que ata o de agora se limitaba ao *Prácticum* da USC**
- **Máis de 300 alumnos de Dereito da USC realizaron o *Prácticum* no Parlamento de Galicia no marco dun convenio asinado en 2004**
- **Desde 2010, o Parlamento concedeu 42 bolsas de formación práctica para titulados universitarios, ao abeiro do convenio marco asinado entón coas tres universidades galegas**

**Santiago, 16 de abril de 2015.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, reuniuse este mediodía no seu despacho da Cámara cos reitores das tres universidades galegas, cos que se comprometeu a incrementar colaboración entre o lexislativo galego e as institucións académicas.

Durante o encontro, Pilar Rojo e os tres reitores asinaron convenios de colaboración para facilitar que os estudantes de Dereito das tres universidades galegas podan realizar prácticas académicas externas no Parlamento de Galicia. A colaboración neste ámbito estaba limitada, ata o de agora, aos alumnos da Facultade de Dereito da USC no marco dun convenio asinado no ano 2004. Desde entón, un total de 329 estudantes realizaron o *Prácticum* no Parlamento de Galicia.

Na xuntanza participaron os reitores das universidades de Santiago de Compostela, Juan Viaño Rey; da Coruña, Xosé Luís Armesto Barbeito; e de Vigo, Salustiano Mato de la Iglesia. Tamén acudiron



os presidentes dos Consellos Sociais das universidades de Santiago de Compostela, José María Arias Mosquera; e de Vigo, Ernesto Pedrosa Silva.

### **Bolsas de formación para universitarios**

En maio de 2010, a presidenta do Parlamento de Galicia e os tres reitores galegos asinaron un convenio marco que, desde entón, permitiu a concesión de 42 bolsas de formación práctica na Cámara galega para titulados universitarios. Estas convocatorias teñen periodicidade anual e ofrecen bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións e informática.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.